

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO REGULADOR DA D.O.P. MEXILLÓN DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DO MEXILLÓN CERTIFICADO D.O.P. NO ANO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Antonio Basanta Fernández, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado co **Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 02 de xaneiro de 2024 ata o 15 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia para a coordinación de accións que redunden na mellora da comercialización do mexillón certificado, así como as accións de promoción.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1-Márketing de influencers

Para poñer en valor a DOP, gañar relevancia e posicionar o noso selo na mente do consumidor necesitamos notoriedade. E para tela ideamos unha acción no marco do márketing de influencers, tan de moda nos últimos tempos e fusionando entretemento, influencia, creatividade e contidos podemos obter a amplificación da nosa mensaxe con niveis de engagement enormes para a marca Mexillón de Galicia.

Para elo contrataremos a unha empresa de comunicación que se encargará de xestionar cos posibles interlocutores para a mellor consecución desta acción.



2- Monitorización do rendimento do Mexillón de Galicia

A condición somática dos bivalvos, en termos do contido de biomasa dun tecido, foi frecuentemente avaliada a través de diferentes índices de condición, os cales se refiren á cantidade relativa de carne producida por un organismo e son amplamente utilizados nos moluscos para estimar o seu valor nutritivo, comercial e tamén ecolóxico. Neste sentido, índices como o rendemento da carne poden relacionarse con variables como a relación talla-peso e permitir coñecer como responde o organismo ás variacións do ambiente.

Dado que a afectación ao rendemento do molusco pode influír na comercialización deste produto ao ritmo que sería desexable, a experiencia aconsella monitorizar a produción e o rendemento do produto procedente de bateas certificadas co selo da DOP, unha vez este produto sexa descargado en porto, para a recompilación desta información e así poder obter datos que axuden na toma de decisións para unha mellora na comercialización do Mexillón de Galicia.

3-Axendas 2025

Para o novo ano, e tralo éxito acadado coas axendas nos últimos anos queremos volver editar axendas personalizadas pois son un regalo promocional perfecto xa que a nosa marca permanecerá presente os 365 días do ano pois garante case absolutamente o ser usada polo receptor.

Os presentes promocionais son unha estratexia de márketing que non pasa de moda pero a clave para que sexan aínda máis efectivos é que resulten útiles no día a día. Ademais, na era dixital, marca maior conexión co receptor.

A calidade xoga un papel fundamental á hora de elixir un regalo promocional pois por exemplo, se é útil, funciona ben e é duradeiro creará unha sensación de benestar arredor da nosa marca. Neste caso, imos escoller novamente a encadernación en espiral pois é a máis práctica xa que permite que a axenda personalizada se abra por completo resultando máis cómoda ao momento de escribir.

Citas, trucos, recomendacións relacionadas coa nosa marca, co Mexillón de Galicia, información sobre o sector, receitas,... axudarán a mellorar a visibilidade ao igual que o deseño natural, atractivo e coas cores corporativas.

Imprimirase 700 unidades que serán remitidas por mensaxería a axentes do sector, profesionais da distribución, representantes da administración, xornalistas,...



4-Mostra exclusiva de Mexillón de Galicia fresco

A DOP busca en todas as súas accións promocionais o incremento da identificación e recoñecemento do seu selo así como a mellora da valorización de Mexillón de Galicia no mercado.

O coñecemento e recoñecemento do selo por consumidores e profesionais é básico para fortalecer a DOP Mexillón de Galicia como distintivo de calidade e orixe e por extensión, aos seus integrantes, produtores e empresas depuradoras e transformadoras. Por un lado, protexe os postos de traballo dos axentes do sector que se esmeran por acadar un produto e alimento de altísima calidade, de proximidade, cultivado de forma única, natural e sostible que xera riqueza no entorno local e arraiga poboación aos territorios onde se cultiva. Sen esquecer por suposto, a protección ao consumidor grazas á información clara e veraz que ofrece un produto con este distintivo.

Neste senso, queremos facer chegar a representantes da gran distribución, xornalistas, representantes de administracións,... unha caixa cunha bandexa de 1 quilo de Mexillón de Galicia fresco. En total serían 150 envíos.

5-Calendario 2025

Ao igual que as axendas, queremos deseñar un calendario de sobremesa 2025 pois consideramos que para o usuario é un obxecto útil e trátase dun recordatorio diario de Mexillón de Galicia como produto, alimento e marca.

O calendario en pdf o colgaremos na época de Nadal nas nosas redes sociais e tamén imprimiremos 2.100 exemplares para o envío a produtores, elaboradores e comercializadores de mexillón en Galicia así como cociñeiros, centros de formación de hostalería, representantes de administracións autonómicas, provinciais e locais, persoas relacionadas coa cultura, a sociedade e a economía galega, consellos reguladores, universidades, centros de investigación, etc.

6-Felicitación Nadal

A felicitación de Nadal é un clásico que non podemos esquecer. Nestes tempos en que a sociedade se move dentro dunha inmediatez e voráxine desmesurada, unha felicitación de Nadal é un guiño á tradición, ao natural, ao ben feito, cualidades en total consonancia coa esencia do cultivo do Mexillón de Galicia.



Consideramos o deseño da felicitación en pdf e 3D para colgala nas nosas redes sociais e chegar ao maior número de destinatarios posible.

7- Mostra exclusiva de Mexillón de Galicia en conserva

Para potenciar a marca Mexillón de Galicia e fortalecer a DOP Mexillón de Galicia, e en consecuencia protexer os axentes que a integran, queremos facer chegar a representantes da gran distribución, xornalistas, representantes de administracións, restauración,... un lote de 3 conservas da edición exclusiva de Mexillón de Galicia en escabeche.

Serían 150 envíos, polo que ascenderían a 450 mostras.

Esta acción inclúe a impresión dos estoxos, o transporte dos mesmos ata a empresa elaboradora da conserva, a elaboración de 450 unidades, o estoxado, a embalaxe e os 150 envíos por mensaxería aos destinatarios.

8- Historia gráfica Mexillón de Galicia para revista

Dentro da revista Mexillón de Galicia que editamos con carácter trimestral e debido á fantástica acollida das ilustracións de Luis Davila incorporadas os anos anteriores, queremos que as catro revistas editadas en 2024 amosen de forma totalmente gráfica e con ton de humor as características que fan único a Mexillón de Galicia.

O ton humorístico permite que as persoas destinatarias da revista asocien unha sensación agradable á marca Mexillón de Galicia ademais de facilitar a transmisión de boca en boca da ilustración e incluso a divulgación por redes sociais.

Tamén, perdurará nos axentes do sector un sentimento de orgullo de formar parte da gran familia Mexillón de Galicia.

9-Merchandising Mexillón de Galicia

Un dos beneficios do uso de merchandising como mecanismo de publicidade é que como marca temos un obxecto acorde ao que desexamos transmitir con ela e iso axuda a que o consumidor a lembre xa que xera un compromiso importante co usuario.

Entregar agasallos en eventos, feiras, charlas, obradoiros,..., permitiranos reforzar Mexillón de Galicia como marca pero tamén axudará a incrementar a valoración de Mexillón de Galicia como produto e a aumentar o consumo deste magnífico alimento.

A acción inclúe a impresión de delantais, bolsas de compra e memorias usb.



10-Comunicación actividades de promoción

A promoción e a comunicación son as dúas caras da mesma moeda. Unha debe ir parella á outra.

Unha determinada acción require a interacción entre dúas ou máis persoas, xa mediante palabra falada ou escrita, xestos, ademáns, expresións emocionais, cuxo resultado é o intercambio de significados que conducen á comprensión, xeran un comportamento e inducen a unha acción. É a comunicación a que permite divulgar e difundir a mensaxe que a unha empresa, entidade ou marca interésalle transmitir así como favorecer o coñecemento e recoñecemento dun produto, marca, ou algunha característica que permita que o destinatario da acción promocional interactúe coa orixe da información.

Neste senso, contaremos cun experto en comunicación tanto na redacción de documentos e elaboración de informes como no desenvolvemento de tarefas de Community Manager nos medios cos que contamos, web, RRSS, revista,...

11-Visibilización Mexillón de Galicia en Campo de Golf de Meis

Unha forma de promocionar o Mexillón de Galicia como alimento é vinculalo co seu entorno e nun marco de natureza, deporte e saúde.

Neste senso, temos instalado 5 maquetas de bateas en sendos lagos do Campo de Golf de Meis no que os usuarios poden visibilizar o Mexillón de Galicia nun ambiente relaxado, cordial e de desfrute, co que asociarán este alimento a esta sensación.

Esta acción permite a visibilización da marca Mexillón de Galicia a través das 5 maquetas de batea durante este ano 2024.

12-Visibilización Mexillón de Galicia en soporte audiovisual

A acción consiste no emprazamento de Mexillón de Galicia en soporte audiovisual en medioxeralista co que permitimos visibilizar produto, alimento e marca nun soporte dos de máxima audiencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: "7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos".

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

O Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia é órgano de xestión e control da dita denominación, de acordo co disposto no Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios; na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; e no Regulamento (CE) nº 1050/2007 da Comisión Europea polo que se inscribe no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas da Unión Europea a denominación Mexillón de Galicia. Polo tanto é a única entidade capacitada para executar tanto investimento material como o inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrência competitiva con ningunha outra.

A Consellería do Mar e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia están interesados na potenciación do sector da acuicultura, tanto dende un punto de vista da obtención de produtos certificados no ámbito da produción primaria como do sector transformador destes produtos, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven del, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións que repercutan nunha mellora da comercialización e accións de promoción destes produtos de alta calidade.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Antonio Basanta Fernández

